

<b>Nome da comunicación</b>	<b>A SOSTIBILIDADE NO ÁMBITO DA ECONOMÍA SOCIAL</b>
<b>Entidade</b>	<p><b>GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL SL</b></p> <p>O grupo, Galega de Economía Social consolida a xestión das 10 iniciativas empresariais que o constitúen, apostando pola innovación como un dos piares fundamentais para o desenvolvemento nos próximos anos. O Grupo ofrece unha ampla carteira de servizos asociados a distintos sectores de actividade (ambiental, agroalimentario, gráfico, téxtil, carpintería, tic e distribución) e emprega preto de 500 traballadores.</p> <p><a href="http://www.galegadeeconomiasocial.es">www.galegadeeconomiasocial.es</a>  <a href="mailto:ges@galegadeeconomiasocial.es">ges@galegadeeconomiasocial.es</a></p>
<b>Responsables da comunicación</b>	Ramón Sestayo Lestón Conseilleiro Delegado de Galega de Economía Social

## A SOSTIBILIDADE NO ÁMBITO DA ECONOMÍA SOCIAL

*Ramón Sestayo Lestón*  
*Galega de Economía Social*  
[ramon.sestayo@galegadeeconomiasocial.es](mailto:ramon.sestayo@galegadeeconomiasocial.es)

**Galega de Economía Social** é un grupo empresarial (11 empresas) impulsado por COGAMI e que desenvolve a súa actividade en 7 sectores diferentes (medio ambiente, alimentario, tic, artes gráficas, carpintería, distribución e téxtil).

O noso modelo estratéxico de xestión está baseado na **sostibilidade**. En canto os seus tres pilares básicos podemos referenciar:

- 1.- Respecto polo medio ambiente.- Nesta área traballamos con 3 empresas, sumando unha facturación de 7M € (un 40% da facturación total do grupo) e contando 6 centros de traballo coa certificación ISO 14001. Asimesmo pertencemos ó Comité Executivo de Envite (plataforma tecnolóxica medioambiental galega).
- 2.- Compromiso social.- Impulsado por COGAMI e sendo un grupo empresarial sen ánimo de lucro, apóstase claramente pola inserción laboral de persoas con discapacidade (o grupo conta a día de hoxe con 522 traballadores, 479 dos cales (92%) teñen algún tipo de discapacidade) así como pola mellora das condicións de traballo.
- 3.- Competitividade.- Unha parte importante dos nosos recursos estase a adicar a proxectos de innovación, plans de formación, estudos de mercados e implantación das novas tecnoloxías na xestión da actividade.

Dentro deste marco xeral a nosa exposición se centrará na explicación da actividade e procesos das 3 empresas que temos traballando na área de medio ambiente:

a) COREGAL.- Empresa adicada a xestión integral de residuos non perigosos

Fig. 1



b) DIXARDÍN.- Empresa adicada a actividade de xardinería e paisaxismo

Fig. 2



c) TRAMEVE.- Empresa adicada ó reciclaxe ecolóxico de vehículos.

Fig. 3



Fig. 1 Vehículo Coregal

Fig. 2 Exemplo traballos Dixardin

Fig. 3 Instalacións Trameve